

Cando o humor se torna horror

NARRATIVA A autora enfrenta aos seres humanos nos redutos máis escuros da conciencia, no desexo de sacar a quen le dá comodidade na que amolece.

Manuel Pena Texto

Son *noxento*, a última obra de María Xosé Queizán, constitúe un elo máis da cadea que conforma a calceta do corpus literario da autora. Fuxindo da domesticación, a escritora vai tratar, como sempre, temas espiñentos e non gratos cos que desvela as eivas e os refugallos que a sociedade ben pensante e actuante pretende agochar no ámbito privado e que ela, sempre obstinada, teima en sacar á luz pública e do público.

Son dous os aspectos que salientaremos desta novela de Queizán: a temática elixida e a técnica utilizada para desenvolvela.

Con respecto á primeira, o tema, debemos indicar que non é a primeira vez que aparece na narrativa da autora: a pederastia, o incesto, a violencia, os temas tabú nesta sociedade, xa se mostraban en obras anteriores como *Ten o seu punto a fresca rosa* ou *Meu pai vaite matar*, se ben en *Son noxento* aparecen como eixo central e cun tratamento tecnicamente distinto.

Será precisamente a técnica utilizada a que vai marcar a diferenza no tratamento do tema. A través da longa e fecunda obra da autora, obsérvase un salto desde a súa primeira publicación- hai xa cincuenta anos-, a novela obxectalista *A orella no buraco*, na que seguía unha liña conductista, desinteresada pola subxectividade e pola conciencia-, ata esta última na que se adentra na corrente de pensamento e, polo tanto, na máis pura subxectividade e intimidade do protagonista. Consideramos que este é un dos acertos da obra, a utilización do monólogo interior.



Son noxento
María Xosé Queizán
Xerais, 2015

A utilización do monólogo interior permite unha inmersión no pensamento deste ser, sospeitosamente simpático por deslinguado e primitivo, bastante común, por outro lado, que se atreve a formular ideas que provocan riso nun principio, pero que paulatinamente vai mostrando a súa cara perversa e monstruosa.

Esta técnica permite un achegamento, case unha inmersión no pensamento deste ser, sospeitosamente

simpático por deslinguado e primitivo, bastante común, por outro lado, que se atreve a formular ideas que provocan riso nun principio, pero que paulatinamente vai mostrando a súa cara perversa e monstruosa. Gradualmente será como se irán desvelando os motivos que levaron ao personaxe á situación na que se atopa. A crueldade deste ser trascende os detalles morbosos, porque o que importa é a baixeza do personaxe (dos personaxes), a súa ruindade, a estupidez e a trágica limitación do seu mundo.

Nese río de palabras e músicas que flúen na novela aparece descrita a realidade social e familiar que arroupa ao protagonista, pois a súa conciencia persoal, o seu mundo interior, fúndese co mundo real e en ocasións con outras voces ilustrando o mundo no que se desenvolve e no que os outros personaxes tampouco quedan libres de culpa.

A crueldade e a violencia teñen, como todo nesta obra, unha función: violentar para provocar unha acción, facer saír a quen le de si mesmo, incomodar e transformar. Ambos elementos perseguen, en fin, unha revisión dos valores e crenzas asumidos socialmente, aínda que isto signifique en moitas ocasións que as voces discordantes que fan as denuncias quedan relegadas a un espazo máis reducido. A autora machaconamente enfrenta aos seres humanos nos redutos máis recónditos e escuros da conciencia, porque avoga por unha moral distinta da dominante no desexo de sacar a quen le dá comodidade na que amolece.